



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRES DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

**Expediente: 2022/G010/000015**

Valdoviño, 03 de novembro de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Germán Gómez Senra

M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Don Javier Bouzamayor Casas do PP.

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Dona Ana Belén Pérez Fernández do PsdeG-PSOE.

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

### I) PARTE DISPOSITIVA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES: 06.10.22 (ORDINARIA) E 24.10.22 (EXTRAORDINARIA).-**

O sr. Alcalde, que preside a sesión, preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas da sesión citadas do 06.10.22 e 24.10.22 quedan aprobadas sen ningunha

obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade dos asistentes a esa sesión).

## **2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-**

*/Ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 03.11.22 a proposta de Alcaldía que de seguido se enuncia, elevase ao Pleno para a súa aprobación/*

### PROPOSTA DE ALCALDÍA

#### **“APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (expediente núm. 2022/G016/000001).**

Visto el expediente tramitado para a aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Impuesto sobre Bens inmuebles, aprobado provisionalmente polo Pleno en sesión ordinaria de data 4 de agosto de 2022, e que foi exposto o público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 162, de data 26 de agosto de 2022, e no taboleiro de anuncios do Concello de Valdoviño durante o periodo regulamentario.

Visto o informe da Intervención municipal de data 28 de outubro de 2022 (referencia nº EMP 109/2022) e incorporado ao expediente.

Seguido o trámite e procedemento legalmente establecido no artigo 17 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar a alegación presentada por [REDACTED] con D.N.I. núm. \*\*\*1988\*\* en data 6 de setembro do 2022 con número de rexistro de entrada 202299900001347 por considerar que a regulación aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 04/08/2022 é conforme ao art. 74.4 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**SEGUNDO.-** Desestimar a alegación presentada por [REDACTED] con D.N.I. núm. \*\*\*1988\*\* en representación da Asociación Galega de Familias Numerosas con C.I.F. núm. G15428600 en data 7 de setembro do 2022 con número de rexistro de entrada 202299900001355 por considerar que a regulación aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 04/08/2022 é conforme ao art. 74.4 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**TERCEIRO.-** Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens inmuebles que é do tenor literal que consta no expediente.

**CUARTO.-** Ordenar a publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

O ALCALDE-PRESIDENTE

(Documento asinado electrónicamente)”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión (10 membros dos 13 que a compoñen), acordou aprobar a proposta que antecede.**

FÓRA DA ORDE DO DÍA

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (10 votos dos 13 que a compoñen) aproban a urxenza da modificación puntual da RPT.**

**.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.-**

*/Ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 03.11.22 a proposta de Alcaldía que de seguido se enuncia, elevase ao Pleno para a súa aprobación/*

**PROPOSTA AO PLENO**

“Expte.: 2022/X999/000125

**Asunto:** Modificación puntual RPT. Posto técnico de museos.

Visto o expediente tramitado para o asunto referido, no que consta:

- Modificación puntual – Documento
- Providencia de inicio (Alcaldía) – 26.10.22
- Convocatoria e acta Mesa de negociación – 02.11.22
- Informe de secretaría – 03.11.22
- Informe de intervención – 03.11.22

Elaborada pois a tramitación establecida, propónse ao Pleno previo ditame da Comisión Informativa:

**Primeira.-** Aprobar inicialmente a modificación da RPT para o posto de técnico de museos, no que afecta ao horario , aos efectos de ter cubertas as necesidades de funcionamento do museo municipal.

Denominación do posto: Técnico de museos.

Modificación: Código: 7004, denominación do posto: técnico de museos, dotacións de postos: 1, complemento de destino: 22, complemento específico: 5.489,78 €, forma de provisión: concurso, adscrición a administración pública: funcionarios propios da administración local, grupo: A2, escala: administración especial, subescala: técnica, titulación académica: diplomado universitario e observacións: media xornada.

**Segundo.-** Sométese o expediente a información pública por prazo de 20 días hábiles a contar dende o seguinte da inserción do anuncio no BOP da Coruña, a efectos de

presentación de reclamacións polos interesados, segundo establece o artigo 202 da Lei 2/2015 de 19 de abril, de emprego público de Galicia.

Tamén se publicará na web municipal do Concello [www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com). De non presentarse reclamacións, considerarase aprobado de xeito definitivo a modificación descrita.

**Terceiro.-** Remitir copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de 30 días hábiles.

En Valdoviño, a 3 de novembro de 2022

O Alcalde,

Fdo. Alberto González Fernández”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión (10 membros dos 13 que a compoñen), acordou aprobar a modificación puntual da RPT.**

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (10 votos dos 13 que a compoñen) aproban a urxenza de engadir o asunto para axilizar o Plan de Prevención e Defensa de Incendios Forestais**

#### **.- PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS.-**

*/Ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 03.11.22 a proposta de Alcaldía que de seguido se enuncia, elevase ao Pleno para a súa aprobación/*

#### **PROPOSTA DE ALCALDIA AO PLENO**

#### **“PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.**

É competencia dos Concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

O Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 27.10 e a Constitución de 1978 nos artigos 148.1.8 e 149.1.23 determinan o marco normativo xeral de referencia en materia de prevención de incendios forestais. A Lei 43/2003 de montes , de 21 de novembro, atribúe a Comunidade Autónoma a facultade para desenvolver os aspectos de defensa contra incendios forestais dotando dun marco regulador que contribúe a fortalecer a seguridade xurídica das administracións públicas galegas e dos cidadáns.

O plan Municipal de Prevención e Defensa de incendios Forestais do Concello de Valdoviño foi elaborado pola empresa Seaga, en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga no ámbito da prevención e defensa contra os incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas franxas secundarias. Este plan define as franxas secundarias de xestión de biomasa dacordo co artigo 21 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Considerando que no Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada en data sete de xullo de dous mil vinte e dous adoptouse o acordo de aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Valdoviño e a súa publicación no BOP para sometelo a información pública.

Dito acordo expuxose ao público no BOP núm. 137, na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as alegacións que estimasen oportunas durante 30 días hábiles, de conformidade co disposto nos artigos 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando o informe do departamento de rexistro de data 12 de setembro de 2022 no que se dispón :

*“ Examinado el Libro de Registro de Entrada de Documentos desde el 21/07/2022 y hasta el 05/09/2022, ambos inclusive y comprobado lo que consta en el apartado resumen de documentos presentados en esas fechas, salvo error u omisión, encuentro dos referencias , alegaciones, o reclamaciones referente al expediente. APROBACIÓN INICIAL O PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.*

*-Núm de registro alegación: 20220000002355 de fecha 04/08/2022*

*-Núm de registro alegación: 20220000002394 de fecha 10/08/2022 ”*

Visto que en data catro de agosto de dous mil vinte e dous co núm. de entrada 2022000002355, dona [REDACTED] co DNI \*\*\*8877\*\*, presentou as seguinte alegación:

*“Que segundo o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios forestais do Concello de Valdoviño debe existir unha franxa parimental de 50 metros arredor de edificacións destinadas as persoas, vivendas illadas e instalacións industriais.*

*Por todo isto solicito se modifique a Folla. 0007A-0203 para xerar dita franxa na miña vivenda e explotación agraria sita na parcela catastral 000100100NJ72G”*

Visto que en data dez de agosto de dous mil vinte e dous co núm. de entrada 2022000002394, [REDACTED] co DNI \*\*\*6152\*\*, presentou as seguinte alegación:

*“Primeiro: Son propietario do terreo de referencia : Polígono 19 Parcela 78.*

*Segundo: Creo ter atopado discrepancias entre a forma do núcleo urbano da Bergaña, entre o debuxo , tal como aparece debuxado no Plan de Prevención , e o debuxo que aparece no fotoplano identificado como NR 1 K que aparentemente forma parte das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Valdoviño.*

*Concretamente, no debuxo que aparece no plan de prevención, o núcleo urbano chega ate o linde común entre as parcelas 78 e 92 do polígono 19; mentres que no plano NR 1 K o devandito límite vai desde as casas da Bergaña ate un lugar indeterminado no límite*

da parcela, hoxe 2079, de xeito que a superficie do núcleo urbano resulta ser apreciablemente mais pequena do que aparece debuxado no Plan de Prevención.

Esta situación obrígame a desbrozar mais terreo e a readaptar a prantación de eucaliptos preexistente, que xa existía cando se estableceu o núcleo rural , e que foi edificado sin ter en conta o risco de incendios, total, xa tomarei medidas eu.

Solicito que: se estude de novo a forma e extensión do núcleo rural da Bargaña, e si procede, sexa correxido”

Atendendo as dúas alegacións anteriormente sinaladas, emítese en data 28 de outubro de dous mil vinte e dous informe polo arquitecto municipal no que se expón e conclúe:


“O Pleno do Concello de Valdoviño, na sesión celebrada o día 7 de xullo de 2022, aprobou inicialmente o borrador do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Valdoviño (en adiante PMPDIF), en cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACP en adiante).

O acordo plenario publicouse no Boletín Oficial da Provincia de data 20 de xullo de 2022, a partir do cal abriuse un período de 30 días hábiles co fin de que as persoas que o desexen puidesen formular as correspondentes alegacións, observacións e suxerencias.

Transcorridos os prazos, presentáronse as seguintes alegacións:

|                                                                                                                                                                 |                                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|
| <b>ALEGACIÓN</b>                                                                                                                                                | <b>Nº 1</b>                          |
| <b>REXISTRO</b>                                                                                                                                                 | 2022000002355 (de fecha 04/08/20022) |
| <b>SOLICITANT</b>                                                                                                                                               | [REDACTED]                           |
| <b>DNI/NIF</b>                                                                                                                                                  | [REDACTED]                           |
| <b>DIRECCIÓN</b>                                                                                                                                                | [REDACTED]                           |
| <b>RESUMEN ALEGACIÓN</b>                                                                                                                                        |                                      |
| Solicita que se modifique a folla 0007A-0203 para xerar unha franxa de protección na súa vivenda e explotación agraria sita na parcela catastral 000100100NJ72G |                                      |
| <b>ANÁLISE</b>                                                                                                                                                  |                                      |


O Concello decidiu que se elaborase o PMPDIF sen incluír na rede de faixas as vías de titularidade municipal, e construcións e vivendas illadas



**CONCLUSIÓN**


*Poderíanse incluír nunha fase posterior*

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|
| <b>ALEGACIÓN</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | Nº 2                                 |
| <b>REXISTRO</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | 2022000002394 (de fecha 10/08/20022) |
| <b>SOLICITANTE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | [REDACTED]                           |
| <b>DNI/NIF</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | [REDACTED]                           |
| <b>DIRECCIÓN</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | [REDACTED]                           |
| <b>RESUMEN ALEGACIÓN</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                      |
| <i>Cree haber atopado discrepancias entre a forma do núcleo rural de Bergaña reflectido no PMPDIF e o debuxado no fotoplano NR 1K das Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal (en adiante NNSSPP), e solicita que se estudie de novo a forma e extensión do núcleo rural de Bergaña, e si procede, sexa modificado</i> |                                      |
| <b>ANÁLISE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                      |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Detalle do plano do núcleo rural de Bergaña reflectido no PMPDIF</i></li> </ul>                                                                                                                                                                                                  |                                      |




Área obxecto da alegación

- *Detalle do fotoplano NR 1K do núcleo de Bergaña reflectido nas NNSSPP sinalado polo alegante*



- *Detalle do plano de clasificación do solo 01 B das NNSSPP coa delimitación do núcleo rural de Bergaña*





- *Detalle do plano N 26 do núcleo rural de Bergaña contido no expediente dos Criterios interpretativos sobre a aplicación da Disposición transitoria 1ª.e) da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aprobados polo pleno do concello de Valdoviño en sesión plenaria de data 20 de outubro de 2008*



## CONCLUSIÓN

*A delimitación do núcleo rural da Bergaña reflectida no ftoplano NR 1K ao que se fai referencia na alegación, non se corresponde coa reflectida no plano 01 B “Clasificación do solo do termo municipal” contido nas NNSSPP, nin coa reflectida no plano N 26 dos criterios interpretativos. Con todo, en caso de discrepancia, o plano que debe prevalecer é o de clasificación do solo, polo que, a delimitación do núcleo rural que se debería ter en conta na redacción do PMPDIF é a contida no plano 01 B das NNSSP e que coincide sensiblemente coa delimitación reflectida no plano que se incorpora no PMPDIF*

Vistos os informes obrantes no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.- Desestimar** as alegacións presentadas por [REDACTED] [REDACTED] **DNI \*\*\*8877\*\*** e [REDACTED] **DNI \*\*\*6152\*\*** a modificación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais polos motivos sinalados anteriormente no informe técnico municipal de data 28 de outubro de 2022 para cada unha das alegacións.

**Segundo.-** Que se notifique o presente acordo os interesados.

**Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe.”**

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión (10 membros dos 13 que a compoñen), acordou aprobar a proposta que antecede.**

**O Concello Pleno votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (10 votos dos 13 que a compoñen) aproba a urxenza da declaración institucional visto a proximidade do 25 de Novembro que é o día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres:**

**.-DIA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.-**

**O Concello-Pleno, efectúa, en relación á data do 25 de novembro, para a eliminación da violencia machista, o seguinte manifesto literal:**

“Desde o Concello de Valdoviño, un ano máis , mais conmemoramos o 25 de novembro como unha data que segue a ser preciso destacar.

O seu impacto e significado derivou na necesidade común de elixir unha única data a nivel internacional, co fin de chamar a atención sobre as múltiples situacións de violencia ás que se ven expostas moitas nenas e mulleres do mundo.

Este tipo de violencia trae consigo unha traxectoria longa e pesada, unha realidade histórica que parece non encaixar nun momento actual de modernidade e dereitos democráticos.

Cando coñecemos asasinatos, violacións en grupo, mulleres que deben tapar as súas caras, que non poden opinar, ser independentes, nenas silenciadas sen o privilexio de ocupar os patios dos colexios, mulleres controladas , mutiladas, prostituídas...Cando detectamos as evidencias da violencia estrutural a través da precariedade de sectores profesionais feminizados, da carga invisible e non recoñecida do maior coidado de familiares ou realización de tarefas domésticas... Cando observamos todas estas situacións é cando debemos entender que a pesares dos avances segue a existir un mundo desigual, especialmente crú para as mulleres, que vivimos nunha sociedade estereotipada, que denigra e asenta as súas relacións en privilexios e atributos diferenciadores.

O obxectivo é parar, pensar e actuar. Parar para tomar conciencia, pensar para analizar e actuar para transformar.

A igualdade de oportunidades representa a xustiza social e a diversidade persoal enriquece á comunidade. Os nenos e nenas deben medrar sendo libres para decidir e iguais para existir.

A convivencia harmónica pasa porque todas as persoas nos impliquemos na sociedade que queremos, apoiando políticas sociais e públicas aceptando aquelas organizacións familiares que se basean no respecto e corresponsabilidade e liberándonos do peso das relacións exemónicas que funcionan coa presenza sutil da diferenza do poder.

É preciso actuar en calquera ámbito no que se denigre ou acontezan situacións de discriminación por cuestión de xénero, e para iso é fundamental a coordinación dos diferentes sectores educativos, culturais, sociais, económicos e políticos.

O Concello de Valdoviño segue a recoñecerse social e feminista, e expresará rotundamente o seu rexeitamento ante calquera manifestación de violencia contra as mulleres. Para isto seguimos a traballar desde os diferentes departamentos municipais, cun forte compromiso diario.

“Somos e contamos” programa municipal de igualdade e prevención da violencia de xénero.”

## **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

### **3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2022.-**

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de setembro de 2022, que comprenden do número 461 ao 520 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

**Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.**

Incorpórase ao Pleno Jessica Sabín Fernández concelleira do PSdeG-PSOE

### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS**

- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Vanse tomar medidas no tema do alumeadado pola subida dos costes da luz?

- Responde o sr. Alcalde.- Agora o temos fixo polo Convenio coa FEGAM pero sí afecta aos edificios.

Aféctanos a gasolina e suministros.

Tamén afecta aos bonos sociais porque non chegan.

- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Como está o expediente do Chiringuito?

.- Responde o sr. Alcalde.- Están informando o sobre B. Comunicámoslle ao anterior concesionario do Chiringuito que debe entregar as chaves e que é o responsable mentres non se levante acta do inmovible e o inventario dos materiais.

.- Sra. Testa Ameneiros (PP).- Coa cantidade que se iba a adiantar no PAI que vai pasar?  
.- Responde o sr. Alcalde.- Non se vai a adiantar e xa o está mirando Intervención.

.- Don Javier Bouzamayor Casas (PP).- Como vai o camping?  
.- Responde o sr. Alcalde.- O está mirando Tesourería.

.- Don Javier Bouzamayor Casas (PP).- Cómo vai en Meirás a obra? Pregúntamo un veciño.

.- Responde o sr. Alcalde.- Estamos esperando a que empecen.

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- E queda listo?

.- Responde o sr. Alcalde.- Queda unha parte.

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- E Mosende?

.- Responde o sr. Alcalde.- Xa está a obra e poden facer as solicitudes de enganche

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- O tramo de Outeiro está con auga !

.- Responde o sr. Alcalde.- Están con elo, está en obra.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha hora deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde/*